

PLAN DE CONTINXENCIA DO IES ARCEBISPO XELMÍREZ I

O Plan de Continxencia do IES Arcebispo Xelmírez I ten por finalidade establecer: a) as actuacións diante da aparición de casos ou abrochos de Covid-19 que afecten a membros da comunidade escolar; b) as actuacións perante o peche de aulas ou de todo o centro educativo; e c) medidas para o reinicio da actividade académica presencial.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DE CASOS OU ABROCHOS DE COVID-19.

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con Covid-19, así como aqueles as que así lle lo indique a CSC de acordo co Protocolo de Vixilancia e Control Epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-2 (COVID-19) no ámbito educativo non universitario de Galicia (<http://coronavirus.sergas.gal>).

2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatíbeis con COVID-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación elaborado polo centro :

- Será levada á sala Covid, colocarásele unha máscara cirúrxica e agardarase até a recollida por parte da familia. A sala Covid ten unha xanela ao exterior e fácil ventilación e dispón dos elementos desinfectantes e dunha papeleira de abertura con pedal.

Contactarase coa persoa responsábel do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou tutores/as legais.

- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
 - máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
 - De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotábel. Na eventualidade de que non houbera dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.
- Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatíbel coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo, de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.

O centro contará cun stock deste material para as situacións en que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar

síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde até que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso no centro, tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal non docente do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCOVID, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros e compañeiras afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

5. A familia dun alumno ou alumna con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posíbel que teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia, determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena, o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.

9. A aparición dun caso sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria .

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo, na resolución que se dite aos efectos do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 así como para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia.

ACTUACIONES PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

1. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñíbeis ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellaría. Igualmente o/a profesor/a poderá pór tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma. As Xefaturas de Departamento velarán pola correcta aplicación das programacións á situación non presencial.

2. Co obxecto de garantir as medidas necesarias para a continuidade do proceso educativo de xeito non presencial, o equipo Covid do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos. Con carácter xeral, o horario para os supostos de ensino a distancia será o mesmo que o elaborado para desenvolver o réxime de presencialidade, non obstante e tendo en conta o esforzo que vai supoñer tanto para alumnado como para profesorado o seguimento da actividade telemática, poderá reducirse a duración de cada sesión ata un máximo do 40%

3. O profesorado tutor realizará simulacións que permitan ter establecidos os protocolos de actuación no caso de peche da actividade lectiva presencial. Pola súa banda, o profesor encargado do manexo e mantemento da aula virtual do centro colaborará co alumnado e o profesorado na resolución dos problemas que tiveren para a utilización das ferramentas telemáticas.

4. O Departamento de Orientación, en coordinación co profesorado tutor de cada grupo, velará polo benestar emocional do alumnado, en estreita colaboración coas familias. Do mesmo xeito, O Orientador do centro, no horario establecido pola dirección, velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade, coordinará a atención ao alumnado NEE por parte do persoal adscrito ao departamento de orientación, realizará as correspondentes reunións telemáticas para o desenvolvemento e seguimento do Plan de Acción Titorial, realizando as súas funcións, establecidas no artigo 6 do Decreto 120/1998, do 29 de abril, empregando as distintas ferramentas dixitais, ben a demanda dos tutores/as ou dos pais/nais ou tutores legais do alumnado.

5. O instituto comunicará as familias mediante abalarMóbil e a páxina web a concreción do protocolo en caso de peche para que sexa coñecido e poidan contribuír ao proceso educativo

6. A concreción das necesidades de recursos para o ensino a distancia derivadas dunha situación de peche manterase debidamente actualizada en coordinación coa inspección educativa.

7. O/A titor/a informará aos titores legais do alumnado das normas que se establezan para esta modalidade de ensino-aprendizaxe, así como do control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos, que realizará diariamente o profesorado mediante as ferramentas habituais, e das súas consecuencias no proceso de avaliación que o equipo docente ten establecido nas súas programación didáctica.

8. A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas institucionais tales como as aulas virtuais, Webex, etc.. O profesorado realizará o seguimento do alumnado, impartirá os contidos da materia de xeito virtual e poderá pór tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

9. O mesmo día do peche:

a. a dirección do centro enviará unha comunicación a través de abalarMóbil e publicará unha nova na web do centro.

b. o profesorado habilitará na aula virtual do centro os recursos e as actividades iniciais e trasladará orientacións ás familias, especialmente para o alumando menor idade, a través da aplicación abalarMóbil ou da aula virtual. Estes recursos poderán remitirse aos libros de texto, a fichas específicas e a actividades en liña, entre outros.

10. Durante o peche ou confinamento, o profesorado continuará co seu labor docente de acordo co previsto no apartado 30 do Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022 (Normas específicas relativas a metodoloxías na aula e programacións) e no apartado 3 das *Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato* (Programacións didácticas).

11. A atención ao alumnado que deba permanecer en illamento, mesmo cando non se produza o peche ou confinamento da aula ou centro, responderá ao previsto con carácter xeral no artigo 25 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación así como no apartado 3 do Protocolo de atención educativa domiciliaria.

12. A actividade educativa durante o peche ou confinamento estará sometida aos principios xerais de inspección educativa previstos no Decreto 99/2004, do 21 de maio.

13. Garantirase en todo momento a atención a diversidade do alumnado para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades, con especial atención ás adaptacións curriculares e aos protocolos de atención á diversidade, de ser o caso.

14. Mediante as enquisas realizadas a comezo do curso, o instituto coñece as necesidades de conexión e/ou a falla de equipamento do alumnado para que a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade adopte as medidas oportunas que

minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos. A administración educativa disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise de acordo co seguinte protocolo:

a. O mesmo día da corentena ou do peche o equipo directivo afrontará cos recursos tecnolóxicos do centro, no caso de dispor deles, as necesidades TIC máis perentorias. Esta primeira intervención poderá ser apoiada polos CFR baixo a coordinación da xefatura territorial. A profesora responsábel dos equipos informáticos, á vista da información previa sobre os recursos do alumnado e do profesorado, atenderá, en colaboración coa dirección do centro, as necesidades materias que se puidesen producir, ademais das coñecidas anteriormente no inquérito realizado os primeiros días do curso.

b. Unha vez atendidas as necesidades iniciais, a dirección do centro trasladará á inspección educativa as necesidades priorizadas de equipos sen cubrir. A inspección trasladará estas necesidades aos servizos centrais para facilitar a súa cobertura.

c. Os equipamentos entregaranse ao centro educativo que organizará a entrega ás familias e posterior recollida.

d. Todas as familias que reciban equipamento público deberán asinar un compromiso de cesión responsabilizándose de dito material. Aos efectos de axilizar o proceso, a dirección recadará os documentos de cesión de equipamento debidamente asinados polas familias que puideran precisar.

e. O material solicitado aos servizos centrais será repartido coa máxima celeridade por AMTEGA.

f. Unha vez superada a situación de confinamento ou peche o instituto, e no prazo máximo de 3 días, deberá recompilar todos os equipos cedidos para ser logo recollidos por AMTEGA.

g. Cando foran repartidos todos os equipamentos necesarios e dispoñíbeis ás familias, organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias, no que se fará un repaso polo funcionamento da aula virtual e se resolverán as dúbidas das familias.

15. A dirección do centro, a través da xefatura de estudos, requerirá ao final de cada semana unha relación de actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

16. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro, realizarase unha planificación do retorno á actividade presencial. O grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar, e comunicarao ao Centro.